



RESOLUCIÓN POLA QUE SE ENCOMENDA A SOCIEDADE ANONIMA XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A. A PARA A TRAMITACIÓN E XESTIÓN DO ALLEAMENTO DE BENS INMOBLES QUE LLE SEXAN ADXUDICADOS AO IGAPE EN PROCEDIMENTOS XUDICIAIS

Visto o expediente relativo á Encomenda de xestión para a tramitación e execución do procedemento de alleamento de bens inmobles de natureza patrimonial que lle sexan adxudicados en procedementos xudiciais.

ANTECEDENTES E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1.- O Instituto Galego de Promoción Económica (en adiante, IGAPE) foi creado pola lei 5/1992 de 10 de xuño como ente de dereito público autonómico, posteriormente foi aprobado o seu regulamento mediante o Decreto 317/1992 de 12 de novembro. O Instituto, adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria, créase como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, así como un desenvolvemento económico armónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo.

As súas funcións, en xeral, consisten en apoiar e promover calquera tipo de actividades que contribúan á mellora do sistema produtivo de Galicia, especialmente as de maior importancia estratéxica.

O IGAPE está adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria segundo o Decreto 324/2009, de 11 de xuño (DOG 117, de 17 de xuño).

2.- Pola súa parte, a empresa pública Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. constitúese ao abeiro do establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia como unha sociedade anónima de nacionalidade española para a realización de actividades urbanísticas no territorio de Galicia.

Segundo os seus estatutos, Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. ten a consideración de medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñen a consideración de medios propios.

Esta sociedade está adscrita á Consellería de Infraestruturas e Vivenda e será tutelada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, nos termos previstos na lexislación aplicable.

3.- A lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que ten como obxecto a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa e a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e a mellora da xestión do sector público autonómico, regula baixo estes preceptos a colaboración no ámbito do sector público autonómico.

En concreto, o artigo 8 desta Lei regula a auto provisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, segundo o cal a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico.



Para estes efectos, cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan.

O artigo 10 desta Lei contempla, entre os instrumentos que articularán os principios de cooperación, colaboración e asistencia recíprocas no ámbito interno do sector público autonómico, as encomendas de xestión,

4.- O artigo 13 da lei 14/2013 establece que as encomendas intersubxectivas dentro do sector público autonómico comprenderán a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos realizadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma a favor das entidades instrumentais, polas entidades instrumentais a favor da Administración xeral, así como as realizadas polas entidades instrumentais entre elas.

5.- Así mesmo o artigo 10 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico establece que poderá encargarse a realización de tarefas a entidades de dereito privado que reúnan a condición de medio propio da Administración ou entidade pública encomendante mediante resolución unilateral do órgano que se determine conforme o artigo 47 desta Lei .

6.- O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) xestiona os programas de avais (segundo o Decreto 284/1994) e de préstamos (segundo o Decreto 133/2002) establecidos pola Xunta de Galicia para promover o financiamento das empresas galegas. Nas operacións formalizadas no ámbito dos ditos programas e segundo os termos e condicións particulares de cada acordo de concesión, o IGAPE pode constituír garantías a fin de asegurarse o recobro dos riscos financeiros. En execución de ditas garantías e previos os procedementos oportunos, IGAPE pode devenir titular de bens móbiles e inmobles. As funcións do Igape son alleas á explotación económica directa de actividades empresariais, polo que non procede a explotación por parte de Igape dos bens adxudicados – non vinculados os seus fins e funcións e que se considera que deben ser devoltos para a súa explotación no tráfico xurídico privado.

7.- O artigo 27 da lei 5/2011 de 30 de setembro de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia establece que as entidades públicas instrumentais poderán allear bens adquiridos por elas co propósito de devolvelos ao tráfico xurídico privado, de acordo cos seus fins particulares.

8.- Tendo en conta que o IGAPE non dispón de medios técnicos axeitados para o alleamento deste tipo de bens, nin a experiencia na tramitación deste tipo de expedientes, procede encomendar a xestión do procedemento de alleamento a Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. como medio propio da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para este tipo de tarefas.



En base a todo o anterior, **RESOLVO:**

PRIMEIRO- Encomendar á sociedade anónima de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. a tramitación e execución do procedemento de alleamento de bens inmobles de natureza patrimonial que lle sexan adjudicados ao Igape en procedementos xudiciais, segundo o establecido na lei 5/2011 de Patrimonio de Galicia, todo elo nos termos e condicións que se derivan da presente resolución e que se detallan no Anexo I de condicións técnicas.

A execución das tarefas resulta obrigatoria para Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., e será considerada efectuado con medios propios da Administración.

SEGUNDO- O prazo de execución da encomenda será desde a data de inicio da execución e ata o 31 de decembro de 2019, podéndose prorrogar por períodos anuais en caso de persistencia da necesidade da encomenda, previa existencia de crédito axeitado e suficiente.

Así mesmo a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, poderá proceder a finalización anticipada da encomenda por razóns de eficacia, previa comunicación escrita a Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. cun mes de antelación.

TERCEIRO- O importe desta encomenda (custos repercutidos) estímase en 22.385 €, que se financiará con cargo á seguinte aplicación orzamentaria, previa existencia de crédito axeitado e suficiente :

| Partida orzamentaria | 2017 | 2018 | 2019 | TOTAL |
|----------------------|---------|----------|---------|----------|
| 09.A1-741A-22706 | 2.238 € | 15.670 € | 4.477 € | 22.385 € |

CUARTO- A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), na súa condición de órgano competente e encomendante das actuacións exercerá en todo momento o control de execución da encomenda, supervisando a súa realización e ditando os actos e instrucións precisos para a efectividade da mesma.

Santiago de Compostela 22 de novembro de 2017

O Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

Francisco José Conde López



ANEXO I: CONDICIÓN TÉCNICAS DA ENCOMENDA DE XESTIÓN A “XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.” PARA A TRAMITACIÓN E XESTIÓN DO ALLEAMENTO DE BENS INMOBLES QUE LLE SEXAN ADXUDICADOS AO IGAPE EN PROCEDIMENTOS XUDICIAIS

1. ANTECEDENTES E OBXECTO

O obxecto destas condicións técnicas é determinar o contido e alcance, así como fixar as condicións que rexerán nos traballos derivados da encomenda do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante IGAPE), adscrito á Consellería de Economía Emprego e Industria, á Sociedade Anónima Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. (en diante Xestur) para proceder á venda de naves industriais adxudicadas ao IGAPE en procedementos xudiciais .

Os bens actualmente titularidade do IGAPE descríbense no Anexo . No caso de que IGAPE acade a titularidade doutros bens, a notificación a Xestur suporá a encomenda do seu alleamento.

2. ALCANCE E DESCRICIÓN DAS TAREFAS A REALIZAR

1.- A xestión do procedemento de alleamento dos bens; isto é:

- A elaboración do prego de bases da subasta pública / concurso dos bens
- O nomeamento da mesa de contratación.
- A difusión da publicidade da subasta pública/ concurso: publicación nun periódico de difusión en toda Galicia, na páxina web de Xestión do Solo de Galicia- Xestur, S.A e na páxina web do IGAPE.
- O estudo pola mesa de contratación das ofertas presentadas, análise da documentación, elaboración da proposta de adxudicación e elevación da mesma ao IGAPE
- A notificación da adxudicación aos licitantes
- A preparación da documentación na notaría
- A notificación da data para asinar a escritura pública de venda.

No anuncio público en prensa, farase constar que a documentación necesaria estará a disposición do público nas Oficinas de Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A., así como a data, remate e horario para a presentación da documentación en ditas oficinas. Tamén será publicado nas páxinas web de Xestur S.A. e do IGAPE para unha maior difusión.

A Mesa de Contratación será designada por Xestur e fará a proposta de adxudicación ao IGAPE, que terá carácter provisional, ata a adxudicación do IGAPE de xeito definitiva.

A adxudicación definitiva e vinculante dos bens e/ou dereitos, así como da su formalización é competencia exclusiva do IGAPE e precisa a súa aprobación expresa. A este efecto, Xestur elevará ao IGAPE a proposta de adxudicación correspondente e o texto do contrato de alleamento ou alugueiro .



En nome de IGAPE, Xestur administrará os depósitos das fianzas que os solicitantes depositarán na conta que este indique na subasta pública/ concurso, e de ser o caso, na adxudicación directa.

Unha vez fallada a adxudicación, devolveráselle a fianza ao licitador que non resultara adxudicatario da finca.

Se o licitador resultase adxudicatario do ben ou dereito solicitado devolveráselle o importe da fianza no momento de asinar o contrato.

Para os casos en que proceda a incautación da garantía, Xestur S.A. deberá ingresar no IGAPE o importe da fianza, facendo constar o titular do depósito.

Xestur, S.A. non poderá facer outro tipo de uso que o especificado nos parágrafos anteriores cos depósitos das fianzas, agás por notificación expresa do IGAPE e que lle poderá requirir en calquera momento os depósitos administrados.

Xestur, S.A. en orde a formalizar o contrato de alleamento, fixará a data e a Notaría en que o IGAPE e o interesado deben acudir ó acto da sinatura.

2.- No caso de non adxudicar os bens na subasta/ concurso públicos, Xestur procedería a recabar ofertas de posibles interesados na súa venda directa, recabando a autorización do Igape para fixar o prezo de venda.

3.- En caso de non recibirse ofertas, Xestur podería ofrecer os bens en réxime de aluguer

3- CONDICIÓN DE EXECUCIÓN

3.1.- No desenvolvemento destes traballos, a Consellería de Economía Emprego e Industria, a través do IGAPE realizará as seguintes funcións:

- 1) Establecer as directrices para o desenvolvemento do obxecto da presente encomenda, fixando as condicións de venda na que se especifiquen: prezos e forma de pago, obrigas do adquirente, garantías e demais extremos que considere necesarios, para tal efecto IGAPE designará un coordinador.
- 2) Subministrar e facilitar, a través do citado coordinador, toda aquela información que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto desta encomenda
- 3) Aboar o custe dos gastos nos que Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. incorra no desenvolvemento da presente encomenda, que excedan dos medios humanos e materiais de que dispoña Xestur S.A., tales como gastos de publicación dos anuncios en prensa e diarios



oficiais, realización de medicións topográficas, gastos de notaría e Rexistro, e calesquera outros que sexan necesarios e que supoñan un custe para Xestur S.A. fora dos medios dos que dispón. Neste sentido o orzamento da encomenda (custes repercutidos) elevase ata un máximo de 22.385 €, coa seguinte distribución:

| Partida orzamentaria | 2017 | 2018 | 2019 | TOTAL |
|----------------------|---------|----------|---------|----------|
| 09.A1-741A-22706 | 2.238 € | 15.670 € | 4.477 € | 22.385 € |

3.2.- Pola súa banda, Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A., realizará as seguintes tarefas:

- 1) Achegar os medios dispoñibles de Xestur S.A. que sexan necesarios e suficientes para a execución da encomenda.
- 2) Manter ao IGAPE informado do desenvolvemento dos traballos facilitando ao Coordinador, toda a información que este solicite ao respecto.

3.3.-Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. , en relación co seu persoal:

- i) Aportará a súa propia dirección e xestión para a execución da encomenda, sendo responsable da organización do servizo prestado e da calidade técnica dos traballos a desenvolver, correspondéndolle a dirección, coordinación, organización e execución laboral da prestación.
- ii) Disporá dunha estrutura xerarquizada, que se precisará no estudio organizativo do servizo, que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de como distribuílo.
- iii) O persoal necesario para a execución da encomenda dependerá exclusivamente de Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A., o cal terá tódolos dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, sendo a Administración ou poder adxudicador contratante totalmente allea ás referidas relacións. Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. será o único que deberá emitir as ordes e instrucións aos traballadores da encomenda, decidir a organización do traballo, control, distribución de tempos, horarios, vacacións, permisos, entrega de material, poder disciplinario e demais manifestacións emanadas normalmente de Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A.. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación co poder adxudicador encomendante nin esixirse a estas responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de



despedimentos ou medidas que a empresa adopte e se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución da Encomenda.

- iv) Dependencia xerárquica: O persoal dependerá, operativamente, da Dirección de Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A.
- Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. deberá contar, para todos os membros do equipo, cos medios propios necesarios para poder realizar o servizo, tales como o material de prevención, de oficina, o material informático e de comunicacións, etc.
- Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. conta cunha organización empresarial suficiente, material (inmóbiles, maquinaria, equipos, etc.) e persoal para o desenvolvemento da actividade, dispoñendo de mais persoal que o destinado á actividade encomendada, poñéndose o conxunto da organización empresarial ao servizo da encomenda.

3.4.- Control da Encomenda

- A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do IGAPE, na súa condición de órgano competente e promotor das actuacións, exercerá en todo momento o control da execución da Encomenda, que non o poder de dirección sobre os traballadores adscritos que corresponde a Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A., coas seguintes condicións:
 - i) Ditando os actos e instrucións precisos que dean soporte, ou nos que se integre, á actividade material concreta, obxecto da presente Encomenda de Xestión, por medio do coordinador da encomenda designado por Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A..
 - ii) A Encomenda é obrigatoria para Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. e deberá aceptala e executala de acordo coas instrucións que ao efecto lle proporcione a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do IGAPE, en todo o relacionado coa organización, interpretación e control dos traballos obxecto desta, e aos actos xurídicos que en materia de persoal ou contratación sexan precisos para a súa xestión.
 - iii) A Encomenda non supón a cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do órgano ou Entidade encomendante ditar cantos actos ou resolucións, de carácter xurídico, que dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto dela.
 - iv) A presente encomenda implica exclusivamente a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos, e non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio.
 - v) A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, é responsable da dirección e supervisión do exercicio da actividade encomendada.



4- MEDIOS NECESARIOS

Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. comprométese a aportar todo o persoal técnico e material preciso do que dispoña para a realización dos traballos encomendados.

O equipo de traballo debe aportar os coñecementos técnicos e profesionais necesarios para a realización das tarefas, e estará composto como mínimo de :

- 1 asesor/a xurídico/a
- 1 Técnico/a
- 1 Comercial

5- PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución da encomenda será desde a data de inicio da execución e ata o 31 de decembro de 2019, podéndose prorrogar por periodos anuais en caso de persistencia da necesidade da encomenda.

Así mesmo a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, poderá proceder a finalización anticipada da encomenda por razóns de eficacia, previa comunicación escrita a Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. cun mes de antelación.

6.- PAGAMENTO

Os custos derivados da encomenda abonaranse contra presentación da certificación de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. polos costes asumidos por conta do IGAPE

7.- CONFIDENCIALIDADE E TRATAMENTO DE DATOS

1.- XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR S.A. comprométese a garda-la máxima reserva e segredo sobre a información clasificada como confidencial. Considerarase información confidencial calquera dato ó que a contratista acceda en virtude do presente contrato, en especial a información e datos propios Da Consellería de Economía, Emprego e Industria ou do IGAPE ou de empresas titulares de expedientes ou empresa que teñan calquera outra relación coa Administración ós que se accedese durante a execución do contrato. Asemade comprométese a non divulgar a devandita información confidencial, así como a non publicala nin de calquer outro xeito, ben directamente, ben a través de terceiras persoas ou empresas, poñela a disposición de terceiros sen o previo consentimento por escrito da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do IGAPE.



2.- Do mesmo xeito, comprométese, tras a extinción da presente encomenda de xestión, a non conservar ningunha copia de información confidencial.

3.- XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR S.A. informará o seu persoal e colaboradores das obrigas establecidas na presente encomenda de xestión sobre confidencialidade, así como das obrigas relativas ó tratamento de datos de carácter persoal. Tamén realizará cantas advertencias e subscribirá cantos documentos sexan necesarios co seu persoal e colaboradores, ó fin de asegura-lo cumprimento das devanditas obrigas.

4.- XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR S.A. recoñece que a lexislación sobre Protección de Datos de Carácter Persoal (Lei Orgánica 15/1999 e Art. 197 do Código Penal) establece una serie de obrigas no tratamento de datos de carácter persoal, entre as que destaca a prohibición de realizar cesións de este tipo de datos sen a correspondente autorización do titular deses datos. A tal efecto, XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR S.A. unicamente accederá ós datos persoais das persoas físicas relacionadas con IGAPE se tal acceso fose necesario para cumprir cas obrigas establecidas na presente encomenda de xestión.

XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR S.A. comprométese a:

1. Utiliza-los datos de carácter persoal ós que teña acceso única e exclusivamente para cumprilas súas obrigas contidas na presente encomenda para coa Consellería de Economía e Industria/ IGAPE
2. Observar e adoptar cantas medidas de seguridade sexan necesarias para asegura-la confidencialidade segredo e integridade dos datos de carácter persoal ós que teña acceso, así como adoptar no futuro cantas medidas de seguridade sexan esixidas polas leis e regulamentos destiñadas a preservalo segredo, confidencialidade e integridade no tratamento automatizado de datos persoais.
3. A non ceder en ningún caso a terceiras persoas os datos de carácter persoal ós que teña acceso, nen tan sequera a efectos da súa conservación.
4. Se a comunicación de datos se fixera vía correo electrónico, ésta faráse exclusivamente a unha conta de correo aportada por XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR S.A. e que deberá estar debidamente incorporada e identificada nesta encomenda.

Os compromisos anteriores respecto de datos de carácter persoal, exténdense asimesmo ós datos propios das empresas titulares de expedientes ou empresas que teñan calquera outra relación coa Consellería de Economía, Emprego e Industria ou co IGAPE ós que se teña acceso durante a execución da encomenda.

5. As obrigas establecidas para XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR S.A. na presente cláusula serán tamén de obrigado cumprimento para os seus empregados e colaboradores, polo que



aquela responderá fronte a Consellería de Economía, Emprego e Industria/IGAPE se tales obrigas son incumplidas por tales empregados e colaboradores, sen perxuízo das accións que a Agencia Estatal de Protección de Datos poda exercer.

6. As obrigas de confidencialidade establecidas nesta cláusula terán unha duración indefinida, manténdose vixentes con posterioridade á finalización, por calquera causa, da relación entre XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR S.A. e a Consellería de Economía, Emprego e Industria/IGAPE.

Santiago de Compostela 22 de novembro de 2017

O Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

Francisco José Conde López



ANEXO - DESCRIPCIÓN DOS BENS ACTUAIS OBXECTO DA ENCOMENDA

1.- NAVE SITA EN VILAXOAN (VILAGARCÍA DE AROUSA) - PONTEVEDRA

Natureza da finca: nave industrial

Datos rexistrals: finca rexistral nº 14.661. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa: Tomo 891, Libro 309, Folio 67, Alta 20. IDUFIR: 360210001025248. Municipio: Vilagarcía de Arousa. Natureza da finca: urbana, Nave industrial, Obra nova terminada. Cota de participación: 100%.

Localización: Lugar Sañas s/n. Parroquia de Vilaxoán-Sobrán (Vilagarcía de Arousa).

Superficie: 13.219 m². **Superficie construída:** 2.971,29 m²

Lindeiros: Norte, camiño; Sur, herdeiros de Alfonso Ozores; Este, Ramón Tourís; e Oeste; Praia mar.

Descrición: terreo no que existen dúas naves:

- Unha nave de superficie de 1.631,29 m²
- Unha nave de superficie de 1.300 m²
- Unha casaña duns 40 m², de planta baixa e
- Un transformador

2.- NAVE SITA EN SISÁN (RIBADUMIA)- PONTEVEDRA

Natureza da Finca: nave industrial

Datos rexistrals: finca rexistral nº 8.087 Inscrita no Rexistro da Propiedade de Cambados: Tomo 1.339, Libro 96, Folio 126, Alta 3. IDUFIR: 36013000343904. Municipio: Ribadumia. Natureza da finca Solo Rústico Común e Solo rústico de especial protección, afectado por Zoa de Fluxo Preferente : Edificio. Cota de participación: 100%.

Localización: Rúa A Barca - Sisán s/n. Código postal 36336.

Superficie: 8.692 m². **Superficie construída:** 2.077 m²

Lindeiros: Norte, río Umia; Sur, Carretera de Vilagarcía de Arousa a Gondar; Este, Marisol Padín; e Oeste; Camiño ao río.

Descrición: edificio sito no lugar de A Barca ou As Estacas, destiñada a viñedo, inculto, peñascal, labradío e edificios integrados estes por unha casa-habitación de planta baixa e piso alto e unha nave de forma rectangular sobre a que se construíron as seguintes edificacións:

- Un edificio destinado a comedor, de planta baixa, de superficie de 150 m²
- Un edificio destinado en parte a fábrica e almacén, de planta baixa, de 1.110 m² a fábrica e 678 m² o almacén, e noutra parte a oficinas, en dous niveis, o baixo de 52 m² e o piso de 87 m².



3.- LOCAL COMERCIAL SITO EN VIGO-PONTEVEDRA

Natureza da finca: Local Comercial. Cota de participación: 100%.

Datos rexistrals: Finca rexistral nº 68.581 Inscrita no Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo: Tomo 2776, Libro 1.542, Folio 198 (IDUFIR: 36017000771590).

Localización: Forma parte do inmovible sito na Avda de Madrid nº 210, concello de Vigo. Duos-7 Local "H" en planta baixa.

Superficie construída: 265,58 m2 mais 230,41 m2 de entreplanta

Lindeiros: Norte, Avda de Madrid, Sur, elemento nº 1, Este, local G da mesma planta e Oeste resto da finca matriz destinada a zoa de estacionamento.

4.- LOCAL COMERCIAL SITO NA CORUÑA

Natureza da Finca: Local de oficinas comercial:

Datos Rexistrals: Finca rexistral 59778, inscrita no Rexistro da Propiedade nº1 de A Coruña, tomo 1637, libro 1637, folio 82

Localización: Calle Novoa Santos, nº 3, Planta 1, A Coruña

Superficie construída: 328,30m2

5.- NAVE INDUSTRIAL SITA EN LUGO

Natureza da Finca: Nave en Polígono Industrial do Ceao

Datos Rexistrals: finca registral 60.952, inscrita no Rexistro da Propiedade nº1 de Lugo, tomo 1067, libro 628, folio 84.

Localización: Polígono do Ceao, Lugo

Superficie Terreno:

Superficie construída: planta baixa de novecentos metros cadrados e entreplanta de cento setenta e dous metros cadrados. Linda Norte, Calle A; Sur, Parcela 28; Este, Parcela 2; e Oeste, parcela 4.

6.- CONXUNTO DE NAVES INDUSTRIAIS SITA EN LUGO

Natureza da Finca: Conxunto de naves industriais

Datos Rexistrals: Finca rexistral 104.120, inscrita no Rexistro da Propiedade nº1 de Lugo, tomo 1552, libro 1113, folio 152.

Localización: Sta Eulalia de Mazoi, Lugo

Superficie Terreno: 26.837m2

Superficie construída 5.759m2



7- NAVE INDUSTRIAL SITA EN LALIN

Natureza da Finca: Nave en Polígono Industrial de Botos (Lalín)

Datos rexistrals: Finca rexistral 36.338, rexistro da Propiedade de Lalín tomo 755, libro 259, folio 3,

Localización: Polígono industrial de Botos: Linda: Norte, rúa Polígono y Metaldeza, S.A.; sur, rúa Polígono e Piensos Severino; Este, rúa Polígono; y Oeste, Prefabricados Deza, S.A.-

Superficie terreno: 10.252 m²

Superficie construída: 9.248 m²; - Consistente nunha edificación industrial dividida interiormente en dez naves de uso individualizado, distribuída en tres plantas:

- a) Planta de sótano: 841m² de superficie construída.
- b) Planta baixa: 8227,65 m² de superficie construída
- c) Planta alta: 179m² de superficie construída